

Consellería de Educación e Cultura

—Orde do 20 de agosto de 1985, de corrección de erros á do 8 de agosto de 1985 (D.O.G. do 27 de agosto de 1985), pola que se facía pública a convocatoria de 41 prazas de colaboradores bolseiros nos centros de Ensinanzas Integradas.

3.438

VI. ANUNCIOS*** Anuncios da Administración Autónoma****Consellería de Educación e Cultura**

—Resolución do 10 de setembro de 1985, pola que se anuncia a convocatoria de concurso

público no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do traballo titulado: «Estudio piloto previo e proposta de rehabilitación e restauración integral do castelo de Monterrei (Ourense)».

3.438

Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes

—Orde do 10 de setembro de 1985, pola que se amplía o prazo de presentación de instancias establecido na Orde do 2 de xullo de 1985, pola que se convoca concurso público para a concesión de subvencións con destino á creación dunha rede de posadas.

3.439



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Edición e Administración:
Rúa do Vilar, 37-39 baixo
Teléfonos: 580677 e 580823
Santiago de Compostela

Depósito Legal: C. 73-1982
Imprime: «La Voz de Galicia, S. A.»
División de Artes Gráficas
A Coruña

I. DISPOSICIÓN XERAIS**Presidencia**

Corrección de erros.— Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia.

Advertidos erros na devandita Lei, publicada no D.O.G. n.º 156, do 16 de agosto pasado, cómpre efectuar as oportunas emendas:

Na páxina 2.859, columna dereita, segundo párrafo:
Onde di: «...na práctica nos soportes...»
Debe dicir: «...na práctica, nos soportes...».

Na páxina 2.861, artigo 14. d)
Onde di: «Catro Vocais profesores en activo...»
Debe dicir: «Catro Vocais, profesores en activo...»

Na páxina 2.862, artigo 20.3
Onde di: «...á súa circunscricións»
Debe dicir: «...á súa circunscrición».

No artigo 22.3
Onde di: «...desde trámite se lles solicita»
Debe dicir: «...deste trámite se lles solicita».

Na páxina 2.864, artigo 42.2
Onde di: «...antes do día 15 posterior...»
Debe dicir: «...antes do día 15.º posterior...»

Na páxina 2.865, artigo 45.3
Onde di: «...a Administración do Estado poñerá...»
Debe dicir: «...a Administración da Comunidade poñerá...»

No punto 4 do mesmo artigo
Onde di: «Os anticipos haberán de reintegrarse na contía...»

Debe dicir: «Os anticipos deberán reintegrarse na contía...».

No artigo 47.1.
Onde di: «...no apartado 1 do artigo 45...»
Debe dicir: «...no apartado 1 do artigo 46...».

No punto 5 do mesmo artigo
Onde di: «...importe da subvención que...»
Debe dicir: «...importe das subvencións que...».

O final da páxina, onde di «Disposición Adicional» debe dicir «Disposición Adicional primeira», e onde di «Disposición Adicional bis» debe dicir «Disposición Adicional segunda».

Na páxina 2.866, Disposición Final primeira,
Onde di: «...atribuídas ó Listado e ós seus órganos e autoridades se asignan ás correspondentes...»
Debe dicir: «...atribuídas ó Estado e ós seus órganos e autoridades se asignan ás correspondentes...».

Decreto 194/1985, do 25 de setembro, polo que se convocan eleccións ó Parlamento de Galicia.

A Lei de Galicia 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, regula para esta Comunidade Autónoma aquelas materias que, conforme ó disposto no artigo primeiro e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, son da súa propia competencia, de acordo co establecido na Constitución e no Estatuto.

Neste senso, a devandita Lei de Galicia establece nos seus artigos 9,4); 12 e 25 os extremos que debe conta-lo Decreto de convocatoria de eleccións ó Parlamento de

ma
llo
del
do

se
ias
ola
a
á

A.

tegrarse na

6...

que

1 Adicional
», e onde di
Disposición

neira,
is órganos e

...»
us órganos e

...»

polo que se
cia.

agosto, de
da para esta
que, confor-
disposición

15, de 19 de
a súa propia
Constitución

establece nos
lebe conta-lo
urlamento de

Galicia, previsión que se debe completar co disposto nos artigos 42 e 51 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño e que é, por outra parte, concorde co contido do artigo 2 do Regulamento do Parlamento de Galicia (O.P.G. n.º 150, do 1 de setembro de 1983).

Polo tanto, tendo en conta que o mandato do Parlamento de Galicia expira o día 20 de outubro de 1985, cómpre, de conformidade co previsto no artigo 42 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, expedir o Decreto de convocatoria das próximas eleccións ó Parlamento de Galicia, facendo constar nel tódolos termos ós que se refire a lexislación xa citada.

Polo tanto, en uso das atribucións que me están conferidas, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e cinco de novembro de mil novecentos oitenta e cinco,

DISPONGO:

Artigo 1.º
Convócanse eleccións ó Parlamento de Galicia, de conformidade coa seguinte distribución de Deputados elixibles:

- (Circunscrición da Coruña: vintedous Deputados
- (Circunscrición de Lugo: quince Deputados.
- (Circunscrición de Ourense: quince Deputados.
- (Circunscrición de Pontevedra: dezanove Deputados.

Artigo 2.º
O día da votación será o vinte e catro de novembro de mil novecentos oitenta e cinco.

Artigo 3.º
A campaña electoral iniciárase ás cero horas do día do de novembro e rematará ás vinte e catro horas do día vinte e dous do mesmo mes.

Artigo 4.º
A sesión constitutiva do Parlamento de Galicia iniciárase o día dezasete de decembro de 1985 ás once horas.

Disposición derradeira
O presente Decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
Dado en Santiago de Compostela, a vinte e cinco de novembro de mil novecentos oitenta e cinco.

Gerardo Fernández Albor
Presidente

Insellería da Presidencia
Corrección de erros. Decreto 185/1985, do 19 de novembro, polo que se establecen normas sobre urnas, papeletas, sobres e documentación que se utilizará nas eleccións ó Parlamento de Galicia.

Advertidos erros no articulado e nos anexos do Decreto, publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 182, do 21 de setembro de 1985, efectúanse oportunas correccións que se indican a seguir:

Na páxina 3.314, artigo 2.º, apartado 1, onde di: «é, conforme», debe dicir: «e, conforme».

Na páxina 3.315, segunda columna, a continuación

da liña que di: «5.1. b. Credencial para o/a interventor/a» debe engadirse o seguinte, en liña á parte: «5.1.c. Comunicación ó/a presidente/a da Mesa na que actúa o/a interventor/a».

Na mesma páxina e columna, onde di: «5.1.c», debe dicir: «5.1.d».

Na páxina 3.316, primeira columna onde di: «PGPC/7.2. a. Xustificante de recepción no que conste a presentación da candidatura», debe dicir: «PGPC/7.2.a. Relación de electores que presentan».

Na mesma páxina e columna, onde di «6.1.a. Solicitud de voto por correo», debe dicir: «3.1.a. Solicitud para o voto por correo».

Na mesma páxina a columna onde di: «6.1.b», debe dicir: «3.1.b».

Na mesma páxina, segunda columna, liña 34, onde di: «UNEA», debe dicir: «UNE A-4».

Na páxina 3.317, primeira columna, onde di: «PGMM/4.5. Comunicación a xuíces da composición das mesmas», debe dicir: «PGMM/4.5. Comunicación a xuíces da composición das Mesas».

Na mesma páxina, segunda columna, liña 2, onde di: «por ámbalas dúas caras», debe dicir: «por unha soa cara».

Na mesma páxina e columna, onde di: «5.1 a. Matriz para o representante á candidatura», debe dicir: «5.1.a. Matriz para o/a representante da candidatura».

Na páxina 3.318, primeira columna, liña 18, onde di: «por ámbalas dúas caras», debe dicir: «por unha soa cara».

Na mesma páxina, columna primeira, liña 28, onde di: «por ámbalas dúas caras», debe dicir: «por unha soa cara».

Na mesma páxina, columna primeira, liña 38, onde di: «por ámbalas dúas caras», debe dicir: «por unha soa cara».

Na mesma páxina, segunda columna, liña 2, onde di: «por ámbalas dúas caras», debe dicir: «por ámbalas dúas caras as dúas follas».

Na mesma páxina, segunda columna, liña 12, onde di: «por ámbalas dúas caras», debe dicir: «por ámbalas dúas caras as dúas follas».

Na mesma páxina, segunda columna, a seguir da liña que di: «Características», debe dicir, en liña á parte: «Cor e tonalidade: branca en calquera tonalidade».

Na páxina 3.319, segunda columna, a continuación da liña que di: «ANEXO B», debe dicir, en liña á parte: «NOMEAMENTO DO/DA REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN».

Na páxina 3.339, no impreso PGNI/5.1.b, ó lado esquerdo e á mesma altura de «EL/LA REPRESENTANTE», debe figurar, en letra negra: «O/A REPRESENTANTE».

Na páxina 3.340, o pé do impreso que vai en galego debe imprimirse en letra negra.

A continuación do impreso PGNI/5.1.d. (páxina 3.341), deben figurar os dous impresos que se inclúen a seguir:

PGNI/5.2.a

1985

ELECCIONES Ó PARLAMENTO DE GALICIA
ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA

XUNTA ELECTORAL DE ZONA
JUNTA ELECTORAL DE ZONA

CONCELLO
MUNICIPIO.....

DISTRITO
DISTRITO.....

SECCION
SECCION.....

MESA
MESA.....

CREDECIALES DE LOS INTERVENTORES
ELECTORES DE LA EXPRESADA MESA, EX-
CLUIDOS DE VOTAR EN LA MISMA, POR
ACTUAR COMO INTERVENTOR/A Y VOTAR
EN OTRA MESA ELECTORAL.

CREDECIAIS DOS INTERVENTORES ELECTO-
RES DA EXPRESADA MESA, EXCLUÍDOS DE
VOTAR NA MESMA POR ACTUAR COMO
INTERVENTOR/A E VOTAR NOUTRA MESA
ELECTORAL.

176 m/m.

VOTAR NA MESMA POR ACTUAR COMO INTERVENTOR/A E VOTAR NOUTRA MESA ELECTORAL

ELECTORES DE LA EXPRESADA MESA, LA CLUIDOS DE VOTAR EN LA MISMA POR ACTUAR COMO INTERVENTOR/A Y VOTAR EN OTRA MESA ELECTORAL

**ELECCIONES Ó PARLAMENTO DE GALICIA
ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA**

1985

PGNI/5.2.b

XUNTA ELECTORAL DE ZONA
JUNTA ELECTORAL DE ZONA

CONCELLO
MUNICIPIO

DISTRITO
DISTRITO

SECCIÓN
SECCION

MESA
MESA

CREDENCIAIS DOS INTERVENTORES NOMEADOS PARA ACTUAR NA EXPRESADA MESA E QUE DEBEN VOTAR NA MESMA.

CREDENCIALES DE LOS INTERVENTORES NOMBRADOS PARA ACTUAR EN LA EXPRESADA MESA Y QUE DEBEN VOTAR EN LA MISMA.

← 176 mm. →

← 931 mm →

Na páxina 3.359, o impreso PGDM/6.10, onde di: en galego «Sr./a. Xuíz... de...», debe dicir: «Sr./a. Presidente/a da Xunta Electoral Provincial de...»; e onde en castelán: «Sr./a. Juez... de...», debe dicir: «Sr./a. Presidente/a de la Junta Electoral Provincial de...»

Na páxina 3.369, o impreso PGRA/8.1.a, que leva en gramado COPIA, debe levar, en lugar deste, CREDENCIAL, tamén en gramado.

Na páxina 3.370, o impreso PGRA/8.1.b, que leva en gramado CREDENCIAL, debe levar, en lugar deste, COPIA, tamén en gramado.

Consellería de Economía e Facenda

Corrección de erros.— Decreto 189/1985, do 12 de setembro, polo que se prorrogan os prazos de presentación e calificación de solicitudes polos concellos para a concesión de préstamos con interese subvencionado.

Advertidos erros no devandito Decreto, publicado no D.O.G. n.º 182, do 21 de setembro, cómpre efectuar a oportuna emenda:

Na páxina 3.371, onde di:

«Na súa virtude, a proposta do... na súa reunión do dous de outubro de mil novecentos oitenta e cinco,

Debe dicir:

«Na súa virtude, a proposta do... na súa reunión do doce de setembro de mil novecentos oitenta e cinco».

Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación

Orde do 26 de agosto de 1985, pola que se regula a pesca de cerco en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 2/1985, do 2 de febreiro, que ordena a pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, atribúelle á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación facultades para regula-la pesca e captura de determinadas especies, as artes de pesca biolóxicamente máis aceptables, as modalidades, horarios, tempos e demais aspectos que se conteñen na referida norma. Xa que cómpre regula-la modalidade denominada comunmente de cerco, esta Consellería tivo a ben dispoñe-lo seguinte:

Artigo 1.º— Son artes de cerco aquelas de rede mediante as que se manobra para formar un círculo ó redor do peixe, cerrándoo en forma de bolsa pola súa parte inferior e rematado en puños nos seus extremos.

Artigo 2.º— Estas artes quedan sometidas na súa utilización ás seguintes prescricións:

a) As dimensións mínimas das mallas serán tales que permitan o paso fácil dun calibrador de 14 mm. e 2 mm. de espesor estando a rede usada e mollada.

b) Non se permitirá o uso de artes de cerco con luz artificial.

c) Poderán exercerse as artes de cerco durante todo o ano.

d) Queda prohibido dificultar a libre navegación polas canles de acceso ós portos e roteiros usuais de circulación marítima.

e) O horario xeral que rexerá será das cero horas do luns ás doce do venres ou das doce horas do luns ás doce horas do sábado.

Artigo 3.º— As liñas límite que se sinalan a continuación servirán de referencia para a utilización das artes, aparellos e instrumentos de cerco que se regulan nesta Orde:

PROVINCIA MARÍTIMA DE FERROL

- Da Punta da Cruz á Illa Pancha.
- Da Punta Saíñas á Illa Coelleira.
- Da Illa Coelleira ó Cabo de Bares.
- Da Punta da Bandeixa á Punta Gaveira.
- Da Punta Lamela á Punta Chirlateira.
- Da Punta do Segañó á Enseada de Cariño.
- Da Punta da Cruz á Punta San Amede.

A CORUÑA

- Da Punta Canabal á Punta Herminia.
- Da Punta do Chan á Punta da Laxe.
- Da Punta Villueira á Punta do Corpiño.
- Da Punta Cabanes á Punta do Pindo.
- Da Punta Raburdiño á Punta Cabeiro.

VILAGARCÍA

- Da Punta Cabío á Punta Barbafeita.
- Da Punta Castelo (Enseada do Grove - Cambados) (ó sur da Ila de Arousa) á Punta Cabeza do Mouro (na península do Grove).

VIGO

- Da Punta de Festiñanzo á Punta Loira.
- Da Punta de Balea ó Cabo do Mar.
- Da Punta Lamela ó Cabo Silleiro.

En consecuencia, o cerco só se poderá practicar no espacio comprendido entre esas liñas e as chamadas liñas de base rectas (Decreto 2510/1977, do 5 de agosto) ata as que chega a competencia da Comunidade Autónoma. En ningún caso se poderá exercer-lo cerco desde as liñas que aquí se establecen cara á terra.

Artigo 4.º— O límite máximo de captura diaria estará limitado por especies da seguinte maneira:

- Bucareu: 6.000 kgs. por buque e día.
- Xarda: 10.000 kgs. por buque e día.
- Verdel: 6.000 kgs. por buque e día.
- Xurelo: 10.000 kgs. por buque e día.
- Sardiña: 10.000 kgs. por buque e día.

- Xouba e parrocha: 5.000 kgs. por buque e día (36 pezas do tamaño regulamentario por quilo).
 —Chincho: 10.000 kgs. por buque e día (40 pezas do tamaño regulamentario por quilo).
 —Mistura: 10.000 kgs. por buque e día.
 —Subproductos: 10.000 kgs. por buque e día.

En ningún caso a suma de toda clase de especies capturadas poderá exceder de 10.000 kgs. por buque e día.

Artigo 5.º— Os aparellos de cerco terán as seguintes dimensións máximas: de alto, 140 m. e de longo 550 m., contando calóns e puños.

Artigo 6.º— O control dos desembarcos efectuados por cada un dos buques efectuarao unha comisión integrada por un representante ou funcionario da confradía, que actuará de secretario, o armador ou patrón do buque e mailo celador do porto en representación do órgano competente da Administración do Estado no litoral; rematado o control do desembarco, levantarase acta certificada, por triplicado, na que se expresarán, entre outros datos, a filiación do buque e os datos de capturas por especies desembarcadas. Un exemplar da acta seralle entregado ó armador, outro á confradía e o terceiro enviarase á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación da Xunta de Galicia.

Artigo 7.º— As infraccións que se cometan contra o establecido nesta Orde serán sancionadas de acordo coa vixente Lei de sancións de pesca marítima promulgada pola Comunidade Autónoma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta Orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 1985.

Fernando Garrido Valenzuela
 Conselleiro de Agricultura, Pesca
 e Alimentación

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería de Educación e Cultura

Decreto 190/1985, do 1 de agosto, polo que se crea o Instituto de Bacharelato «Anxel Fole» da Piringalla, Lugo, por supresión do Instituto de Bacharelato «Anxel Fole», sito na rúa Chantada n.º 1 de Lugo.

Dada a demanda de postos escolares de Bacharelato, é preciso crea-lo Instituto de Bacharelato para atenderla, polo que tendo en conta as necesidades escolares, a máis racional distribución de ensinanzas, e características das diversas zonas, procédese a crea-lo B. «Anxel Fole» da Piringalla - Lugo, por supresión do B. «Anxel Fole» sito na rúa Chantada n.º 1 de Lugo.

Na súa virtude, a proposta do Conselleiro de Educación e Cultura e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de agosto de 1985,

DISPOÑO:

Artigo primeiro.— Créase o Instituto de Bacharelato «Anxel Fole» da Piringalla - Lugo, por supresión do Instituto de Bacharelato «Anxel Fole» sito na rúa Chantada n.º 1 de Lugo.

Artigo segundo.— A Consellería de Educación e Cultura adoptará as medidas oportunas para a execución do presente Decreto e determinará a data en que se porá en funcionamento o citado Instituto.

Santiago de Compostela, un de agosto de mil novecento oitenta e cinco.

Gerardo Fernández Albor
 Presidente

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe
 Conselleiro de Educación e Cultura

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio

Resolución do 7 de xuño de 1985, da Delegación Provincial na Coruña, pola que se autorizan e se declara, en concreto, a utilidade pública das instalacións eléctricas que se citan (Exptes. 50.639; 50.640; 10.621).

Vistos os expedientes de referencia, incoados a instancia de Hidroeléctrica de Laracha, con domicilio en R/ Nicaragua, 10 - A Coruña, no que solicita autorización administrativa e declaración, en concreto, de utilidade pública para LMT, CT. en Torás e Lendo (Laracha); LMT, CC.TT. en Soandres - Laracha (Laracha) e reforma de RBT e CT en Vista Alegre (Laracha), e cumpridos os trámites regulamentarios ordenados no capítulo III do D. 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, e no capítulo III do Decreto 2619/1966, tamén do 20 de outubro, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e a Lei do 24 de novembro de 1939,

Esta Delegación Provincial, a proposta da Sección correspondente, resolveu:

Autorizar:

1.º Expte. 50.639.— Reforma a 15/20 KV. de 2.218 m. de lonxitude denominada Gilobre - Estramil no concello de Laracha, en apoios de formigón e conductor LA-30.

CT. aéreo de 50 KVA. ubicado no apoio n.º 4 da LMT a 15.000-20.000 ± 2,5-5%-398-230 V. no lugar de Froxo.

2.º Expte. 50.640.— Reforma da LMT que parte da de Gilobre - Vista Alegre a 15/20 KV. de 3.141 m. e final no CT. de Corgos e as derivadas ós CC. TT. de